

ARTE DO S.XIX. POSTIMPRESIONISMO

OBRA: A VISIÓN TRAS O SERMÓN (JACOB LOITANDO CUN ANXO)

AUTOR: Paul **GAUGUIN** (1848-1903)

CRONOLOXÍA: 1888

ESTILO: Postimpresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 73 cm x 92 cm

LOCALIZACIÓN: National Gallery, Edimburgo



O ARTISTA

Cara a 1882 comezou a disolución do grupo impresionista polas diverxencias de intereses e de estilo, celebrándose a última exposición en común en 1886. Artistas como Cézanne, Van Gogh, Gauguin ou Toulouse-Lautrec, influídos polo Impresionismo, abrían novos camiños á pintura, recuperando a importancia do debuxo, o volume e o sentido espacial, así como a expresividade dos obxectos e persoas que se abandoara durante o Impresionismo. Paul Gauguin, pintor e escultor francés, foi considerado como un precedente da arte do S.XX. Admirador de Cézanne, Manet e Degas, desde o Impresionismo crea un estilo de gran forza expresiva, próximo ao Simbolismo, menos naturalista e de formas máis simples e abstractas.

A vida de Gauguin, novelesca e aventureira, estivo marcada polo seu afán de romper coa civilizada sociedade burguesa á que pertencía. Entra na mariña mercante, participa na guerra, e traballa como axente de Bolsa. A partir de 1880 colabora nas exposicións impresionistas como pintor afeccionado. Anos máis tarde, abandona o seu traballo e a súa familia, adicándose por completo á pintura. Comeza unha busca de ambientes primitivos onde atopar formas de vida sinxelas. Estableceuse na Bretaña, onde liderou o grupo de pintores da pequena localidade de Pont-Aven. Alí comeza a desprenderse do Impresionismo e elabora un estilo propio e maduro. Pasa unha breve tempada con Van Gogh en Arlés, con quen non logrará convivir. En 1891 deixa Francia e trasládase a Tahití, onde pasará gran parte do resto da súa vida, estudando os procedementos artesáns dos nativos, en busca dunha forma espontánea de expresión. Emprega cores puras, tal como saían do tubo. A súa arte discorre entre o pintoresquismo, representado polo arcaísmo da vila bretona de Pont-Aven, as súas campesiñas e supersticións, e a súa fascinación por Oceanía e a súa arte étnica, o que o levou a instalarse en Tahití en 1891, illándose da civilización. Neste entorno paradisíaco onde o tempo parálizase, recrea a atmosfera idílica dos seus exuberantes vales, a serenidade das súas nativas e a súa vexetación mediante intensas cores planas, puras e contornos moi marcados, sen xogos de claroscuros. Na súa madurez dominan os temas de erotismo e o ritual pagano tahitiano.

Gauguin foi un pintor postimpresionista, e desenvolveu a parte máis importante da súa produción no Caribe e Oceanía volcándose en paisaxes e espídeos moi atrevidos para a súa época, opostos en todos os aspectos á pintura burguesa e esteticista do seu tempo. A súa obra está considerada entre as máis importantes dos pintores franceses do S.XIX, mantendo o seu influxo máis tempo que os impresionistas, contribuíndo á Arte Moderna do S.XX. Os seus experimentos sobre a cor e, en xeral, o conxunto da súa obra, influíron decisivamente na evolución da pintura.

COMENTARIO

Tras regresar dunha viaxe á illa da Martinica en 1887, Gauguin instalouse en Bretaña –daquela un lugar remoto, primitivo, moi alonxado do que o autor cría o mundo esgotado da arte aburguesada, e onde se mantiñan formas de vida e tradicións ancestrais, desaparecidas no resto de Francia-. Nesta época comeza o seu imparable alonxamento do colorido naturalista, convertido nun reflexo emocional. A busca de novas formas artísticas que conectaran a súa pintura co primitivo, coa natureza do home, levou a Gauguin a

inspirarse nas estampas xaponesas, ao igual que fixera Van Gogh, con cores aplicadas en grandes manchas de tintas planas, pero tamén sinte curiosidade pola arte dos pobos africanos ou polas toscas tallas das zonas rurais, as inxenuas imaxes de devoción popular que atopa en Bretaña. Esta busca do primitivo, do que o home perdeu ao “civilizarse”, levaría posteriormente a Gauguin a instalarse en Tahití.

A *visión tras o sermón* pertence a unha etapa da vida do pintor na que se atopa en Bretaña buscando unha forma de pintar que superase o Impresionismo. Esta obra marca a ruptura definitiva cos seus inicios impresionistas e supón, ademais, a superación da visión realista do mundo. Coñecemos algúns datos sobre o cadro e como o concibiu Gauguin grazas a unha carta dirixida a Van Gogh onde describe:

“Acabo de terminar un cuadro religioso muy mal realizado pero que me ha interesado mucho y que me gusta. Quería donarlo a la iglesia de Pont-Aven. Naturalmente no les ha interesado en absoluto. En él se ven dos grupos de mujeres bretonas rezando, vestidas con ropas intensamente blancas y con tocados blancos-amarillentos muy luminosos. Un manzano cruza el lienzo, de color violeta oscuro; las hojas, pintadas en grandes grupos, como nubes, son verde esmeralda; los espacios situados entre ellas están coloreados por la luz del sol de amarillo verdoso. La tierra es bermellón puro. En la iglesia el tono se rebaja y queda marrón rojizo. El ángel está vestido de color azul ultramar fuerte y Jacob de verde botella. Las alas del ángel son amarillo cromo puro; su cabello es de un color amarillo cromo diferente; los pies anaranjados. Siento que en estas figuras he conseguido una simplicidad enormemente rústica. La vaca que hay debajo del árbol es pequeña en comparación con su verdadero tamaño. A mi juicio, en este cuadro el paisaje y la lucha solo existen en la imaginación de quienes están rezando como consecuencia del sermón y por ello hay tal contraste entre ellas y la lucha que se desarrolla en el paisaje, que no es realista y está desproporcionada”.

A obra é exemplar neste sentido de superar a realidade representada de forma tradicional. Gauguin fai a súa versión completamente persoal dun cadro relixioso: a escena desenvólvese nas portas da igrexa, onde as mulleres bretonas, vestidas coas súas cofias e co traxe tradicional, impactadas aínda polas palabras do sermón dominical, visualizan o sermón sobre Xacob e o anxo que veñen de escoitar na igrexa. Segundo as Escrituras, Jacob enganara ao seu pai, Isaac, para lograr a primoxenitura fronte ao seu irmán Esaú, polo que foi condeado a vivir temporalmente lonxe da súa nai, ata que se reconciliou con Deus e a súa familia. Nesta escena, Jacob loita co anxo de Deus que lle vai revelar o seu nome, Israel, antepasado do pobo xudeu. No primeiro plano prezamos a serie de figuras que corresponden ás mulleres bretonas, coas características vestiduras en actitude de orar. Ao fondo prezamos a visión de Xacob loitando co anxo que supostamente están a visualizar as mulleres, contrastando as imaxes reais e as imaxinarias.

O encadre é completamente insólito, coas grandes cofias brancas das campesiñas, de empaque arquitectónico, nun primeiro plano. O céspede vermello queda dividido en dous por unha póla de árbore (recurso da estampa xaponesa) que ademais separa o mundo transcendente da loita bíblica do mundo cotián das paisanas. A composición é deliberadamente sinxela relegando o debuxo fronte á cor e organizando esta en grandes planos sen matices. A perspectiva tradicional desaparece, reempazada por unha sensación de “planitude”. Ademais, hai unha evidente desproporción entre o primeiro plano (demasiado amplo) fronte ao segundo plano (demasiado reducido). Os contornos das figuras están delimitados por grosas liñas, que illan a aquelas e aos obxectos do cadro entre si.

A innovación principal deste cadro está na composición, na aplicación da cor e no uso libre que fai desta, sendo cores arbitrarias. A cor aplícase en manchas uniformes, limitadas e contorneadas por liñas escuras, imitando as técnicas de aplicación do esmalte (*cloisonnerie*) e con influencias da vidreiras de Limoges. Este recurso xa fora empregado por outros pintores, como Émile Bernard, un dos compañeiros de Gauguin en Bretaña. Ademais, a cor está interpretada libremente: os elementos identificativos como a maceira e o prado perden as súas cores reais, e convértense en grandes manchas de vermello vivo. Será un precedente, entre outros, do futuro Fauvismo do S.XX. A partir deste momento, o artista non buscará representar unha realidade, senón interpretala e incluso creala.